

Á SUBDIRECCIÓN XERAL DA DEPENDENCIA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

Dona Miriam Rodríguez Sierra, maior de idade e con DNI 34999031T, actuando en nome e representación do **COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA**, con CIF Q1569016G e domicilio na Rúa Dublín, núm. 6, baixo, CP 15704, de Santiago de Compostela, A Coruña, ante este organismo comparece e DI

Que este Colexio profesional ven recibindo numerosas consultas por parte da colexiación relativas á **problemática detectada en relación á actualización do Programa de Asignación de Recursos no Servizo de Axuda no Fogar**, cando se produce un cambio de PIA, que se levan a cabo dende o Departamento de Servizos Sociais Comunitarios municipais.

Na maioría dos Concellos a interpretación que se realiza do artigo 31 do Decreto 142/2023, de 21 de setembro, sobre a asignación de prazas vacantes no servizo de axuda no fogar, en relación aos casos de persoas usuarias que por motivos diversos ven modificado o servizo (por solicitude de incremento de horas de SAF; aumento de intensidades máximas de acordo coa nova normativa; por revisión de PIA por incluír o servizo de teleasistencia domiciliaria; por cambio de grao, etc.), pasa por incluílo no Programa de Asignación de Recursos unha vez resolto o novo PIA, sendo que os novos PIAS modifican o copago da persoa dependente que xa está sendo beneficiaria do SAF e tamén as intensidades máximas ás que poden ter dereito.

Neste sentido, o procedemento que a maioría de profesionais do Traballo Social está a seguir é dar de baixa á persoa usuaria no PAR de SAF cando sexa a súa quenda, atendendo á orde de prelación establecida na listaxe.

Con todo, dende o Servizo de Dependencia de Lugo están a transmitir instrucións aos Concellos no sentido de que se debe actualizar o copago de xeito inmediato cando se inclúa no PAR, o que implica que desapareza da listaxe, para o cal recomendan que realicen unha listaxe interna extraoficial dende os municipios para a asignación de recursos.

En virtude do anterior, en aras de garantir unha seguridade xurídica ás profesionais do Traballo Social implicadas nos procesos referenciados e permitindo un acceso aos recursos de forma igualitaria por parte das persoas usuarias en todo o territorio da Comunidade Autónoma galega, **solicitamos que se establezan criterios unificados sobre o procedemento a levar a cabo para a actualización do Programa de Asignación de Recursos no Servizo de Axuda no Fogar.**

Quedamos á súa disposición para colaborar na pronta resolución desta e de calquera outra incidencia que se poida presentar no marco das funcións de colaboración previstas, sen outro particular, reciban un atento saúdo.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2024

Asdo. Miriam Rodríguez Sierra

Presidenta do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia

